Cada alumno ou alumna terá que recuperar só aquelas unidades didácticas ou partes das mesmas que haxa suspendido. Para preparar a proba, na semana de actividades de recuperación, cada alumno poderá resolver dúbidas e realizará exercicios e cuestión das unidades que teña suspensas.

A proba obxectiva final constará dunha parte teórica e outra práctica, e para superala será necesario obter unha nota mínima de cinco puntos en cada unha das partes (o alumno ou alumna que teña que recuperar unidades didácticas soltas, deberá obter un mínimo de 5 puntos en cada unha para recuperalas). A valoración da proba será de 0 a 10 puntos.

O alumnado que estea en 2º curso con este módulo pendente, realizará unha proba obxectiva final, que tamén constará dunha parte teórica e outra práctica, e para superala será necesario obter unha nota mínima de cinco puntos en cada unha das partes. A valoración de cada parte da proba será de 0 a 10 puntos e a nota final obtida no módulo será a media aritmética de ambas. Ademais deberá realizar os problemas, exercicios, cuestións e os traballos que a profesora lle indique na aula virtual ao longo do curso, que lle facilitarán a preparación da mencionada proba. Este alumnado poderá realizar a proba obxectiva final no mes de marzo (antes da avaliación previa á FCT) ou en xuño (antes da avaliación final).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Cando un alumno ou alumna perda o dereito a avaliación continua por ter un total de faltas de asistencia non xustificadas superior ao 10% do total do horario do módulo non poderá presentarse ás probas obxectivas correspondentes ás distintas unidades didácticas e perderá as cualificacións parciais daquelas probas que xa tivera realizado. De ser este o caso, o alumno ou alumna será avaliado mediante unha proba extraordinaria sobre toda a materia descrita nesta programación do módulo. Dita proba terá unha parte teórica e outra práctica, cada parte será valorada de 0 a 10 puntos e para superar a proba final será necesario ter unha nota mínima de 5 puntos en cada parte. A cualificación que obterá o alumno será a nota media das notas de cada parte. A proba obxectiva final será realizada antes da avaliación final do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha valoración da evolución e seguimento da programación.
A final do curso farase unha valoración global.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao ser a distancia non se realiza.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Consistirá na atención tanto nas titorías individuais como colectiva

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Transmitiranse valores cívicos que fagan que os alumnos teñan maior conciencia de cidadán e saiban comportarse de forma adecuada posteriormente no mundo profesional.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Se fose posible, relizaránse visitas a empresas.
Visitas a feiras e exposicións de materiais e actividades relacionadas.
Charlas, conferencias, seminarios e outras actividades que se programen ao longo do curso.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía na ensinanza a distancia

O módulo disporá dun curso aberto na aula virtual do centro. Esta aula será a vía principal para a ensinanza telemática e será a vía de comunicación co alumnado.

Metodoloxía no caso de ensinanzas presencial parcial (arredor do 20%):

Durante o horario da ensinanza telemática o alumnado resolverá, a maior parte do tempo, tarefas encargadas polo profesor. Durante este horario o profesor resolverá, propoñerá e comentará aspectos relevantes da unidade.

Para a ensinanza telemática barállanse varios escenarios:

Excepcionalmente podense utilizar outras metodoloxías como a grabación de vídeos explicativos que se colgarían na aula virtual ou tamén explicacións por medio de videoconferencia.

Metodoloxía no caso de ensinanza telemática total (por confinamento):

Nesta situación farase un uso como mais extensivo tanto dos vídeos como das explicacións por medio de videoconferencia.

Metoloxía no caso de ensinanza telemática para algún alumno en corentena:

O alumnado terá a súa disposición, na aula virtual, todo o material necesario para o seguemento do módulo e a realización das tarefas que corresponda facer nese período. Tamén terá a súa disposición os Foros da



aula virtual para a consulta de dúbidas.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM01	Transporte e loxística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0623	Xestión económica e financeira da empresa	2023/2024	7	187	223
MP0623_14	Iniciativa emprendedora e formas xurídicas da empresa	2023/2024	7	30	36
MP0623_24	Financiamento	2023/2024	7	56	67
MP0623_44	Contabilidade e solvencia económica	2023/2024	7	67	80
MP0623_34	Facturación	2023/2024	7	34	40

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA GÓMEZ PAZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo "Xestión económica e financeira da empresa", pertence ao ciclo de Formación Profesional "Técnico Superior en Transporte e Loxística". O ciclo formativo ten unha duración de 2000 horas, repartidas en dous cursos académicos, impartido o módulo referido no primeiro curso. O currículo deste módulo desenvólvese no Decreto 195/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o título e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

O módulo ten unha duración de 187 horas, distribuídas en catro Unidades formativas; Iniciativa emprendedora e formas xurídicas da empresa de 30 horas, Financiamento de 56 horas, Facturación de 34 horas e Contabilidade e solvencia económica cunha duración de 67 horas.

Perfil profesional do título, unidade de competencia

A competencia xeral do título de técnico superior en Transporte e Loxística consiste en organizar, xestionar e controlar as operacións do transporte de mercadorías e de persoas nos ámbitos nacional e internacional, e en planificar e xestionar as actividades loxísticas dunha empresa, de acordo coa normativa e cos obxectivos establecidos pola dirección da empresa, nun marco da calidade, seguridade e respecto ambiental.

Contorna profesional

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Transporte e Loxística han exercer a súa actividade en empresas do sector do transporte e a loxística, tanto por conta propia como por conta allea, realizando funcións de planificación, organización, xestión e comercialización do servizo de transporte e/ou de loxística.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións relacionadas coa xestión económica e financeira dunha empresa, tales como:

Desenvolvemento da iniciativa emprendedora no ámbito empresarial.

Constitución e posta en marcha dunha empresa.

Obtención e xestión dos recursos financeiros necesarios.

Cálculo de custos financeiros.

Avaliación e selección de investimentos.

Xestión de compras e/ou alugamento dos activos necesarios.

Elaboración de orzamentos.



Xestión de cobramentos e pagamentos.

Rexistro e arquivamento de documentación.

Cálculo do resultado da empresa.

Elaboración e xestión dos documentos derivados das obrigas fiscais da empresa.

Cálculo da rendibilidade, eficiencia, solvencia e liquidez da empresa no curto e no longo prazo.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

Xestión económica e financeira da empresa e óptimo aproveitamento dos recursos.

Xestión de cobramentos e pagamentos.

Tramitación e xestión da documentación comercial, administrativa e fiscal da empresa.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permite alcanzar os obxectivos do módulo versan sobre:

Formalización e tramitación dos documentos necesarios para a constitución e posta en marcha da empresa.

Análise dos produtos financeiros e de crédito existentes no mercado, avaliación de alternativas.

Análise das necesidades de investimento e avaliación de alternativas.

Xestión da compra ou alugamento de elementos de inmovilizado.

Elaboración e xestión de facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento.

Obrigas fiscais e xestión de impostos e outros tributos derivados da actividades empresarial.

Análise dos estados contables da empresa e cálculo das principais razóns financeiras, diferenciando o curto do longo prazo

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe		Resultados de aprendizaxe		Resultados de aprendizaxe	Resultados de aprendizaxe	
					62314		62324		62334	62344	
					RA 1	RA 2	RA 1	RA 2	RA 1	RA 1	RA 2
1	Introducción a empresa e seu entorno	Cultura emprendedora, cualidades do emprendedor. A empresa: funcións básicas, responsabilidade social, cultura empresarial, imaxe corporativa. O contorno da empresa. Viabilidade económica e financira dunha PEME	15	8	X						
2	Formas xurídicas da empresa	Formas xurídicas da empresa, constitución e posta en marcha, subvencións e axudas, obrigas fiscais e laborais, insolvencia da empresa.	21	8		X					
3	Organización dos trámites para a obtención dos recursos financeiros	Análise dos trámites para a obtención dos recursos necesarios para o financiamento dos investimentos avaliando as posibles alternativas financeiras.	45	25			X				
4	Formalidades para a compra e aluguer de vehículos e outros activos	Compravenda e/ou alugamento dos activos da empresa, análise das necsidades de investimento e dos recursos necesarios.	22	6				X			
5	Facturación e gestión de cobros e pagos.	Elaboración de orzamentos, pedidos, facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamentodos produtos e servizos prestados pola empresa, segundo anormativa correspondente á facturación.	40	18					X		
6	Gestión do proceso contable e fiscal da empresa	Xestión do proceso contable e fiscalidade da empresa.	50	24						X	
7	Análise económico-financiero da empresa.	Determinación da solvencia e da rendibilidade dos investimentos.	30	11							X
Total:			223								

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introducción a empresa e seu entorno	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Compila información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación de empresas, para o que valora o impacto sobre o ámbito de actuación, incorporando valores éticos.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Avaliar os conceptos de cultura emprendedora e innovación. 1.2 Valorar a importancia das cualidades que debe ter o emprendedor para ter éxito na súa actividade.	1	A cultura emprendedora e a innovación. O emprendedor e a súas cualidades.	2,0
2.1 Describir individualmente as funcións básicas da empresa e analízalas como sistema global. 2.2 Identificar os compoñentes do entorno xeral da empresa. 2.3 Avaliar os conceptos de cultura empresarial e imaxe corporativa.	2	A empresa. Cultura emprendedora e imaxe corporativa.	5,0
3.1 Recoñecer a importancia da responsabilidade social da empresa. 3.2 Identificar prácticas que incorporen valores éticos, sociais e de economía sustentable.	3	A responsabilidade social da empresa.	2,0
4.1 Identificar o plan de empresa e o seu contido e valorar a importancia do mesmo 4.2 Desenvolver un estudo de viabilidade económica e financeira dunha PEME.	4	O plan de empresa e a idea de negocio. Estudo da viabilidade económica e financeira da empresa.	6,0
TOTAL			15

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Avaliáronse os conceptos de cultura emprendedora e de innovación, e a súa importancia como fonte de creación de emprego e benestar social.	• PE.1 - Concepto de cultura emprendedora e innovación	S	10
CA1.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración para ter éxito na actividade emprendedora.	• PE.2 - Valoración cualidades dos emprendedor	S	15
CA1.3 Descríbense individualmente as funcións básicas da empresa e analizáronse todas en conxunto como un sistema integral.	• PE.3 - Descripción funcións básicas da empresa	S	15
CA1.4 Identificáronse os principais compoñentes do contexto xeral (económico, social, demográfico e cultural) que rodea a empresa.	• PE.4 - Identificación factores da contorna da empresa	S	15

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Avaliáronse os conceptos de cultura empresarial e imaxe corporativa, e a súa relación cos obxectivos empresariais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Valoración da cultura empresarial e a imaxe corporativa da empresa 	S	5
CA1.6 Recoñécese o fenómeno da responsabilidade social da empresa e a súa importancia como elemento de estratexia empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Recoñecemento da importancia da RSC 	S	20
CA1.7 Identifícanse prácticas que incorporan valores éticos sociais, e de economía sustentable.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Identificación de prácticas de RS 	S	10
CA1.8 Levouse a cabo un estudo de viabilidade económica e financeira dunha pequena ou mediana empresa.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - estudo do plan de empresa e da viabilidade económica e financeira da empresa 	S	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Cultura emprendedora no ámbito da empresa: UE, España e Galicia.</p> <p>Plan de empresa: idea de negocio.</p> <p>Factores claves das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade e formación.</p> <p>Funcións básicas da empresa e a súa responsabilidade social.</p> <p>A empresa como sistema e as súas relacións coa sociedade.</p> <p>Análise do contexto xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa.</p> <p>Relacións da pequena ou mediana empresa co seu contexto e co conxunto da sociedade.</p>

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**
4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A cultura emprendedora e a innovación. O emprendedor e a súas cualidades. - A cultura emprendedora, a importancia da innovación. O concepto de emprendedor e as súas cualidades.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos conceptos de cultura emprendedora e innovación e das cualidades do emprendedor. Entrega das actividades a realizar polo alumno 	<ul style="list-style-type: none"> Realización exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Concepto de cultura emprendedora e innovación PE.2 - Valoración cualidades dos emprendedor 	2,0
A empresa. Cultura emprendedora e imaxe corporativa. - A empresa: concepto, funcións básicas, clases, a empresa como sistema e a contorna da mesma. Cultura empresarial, imaxe corporativa e relación entre ambas.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da empresa: concepto, funcións básicas, compoñentes da contorna e a empresa como sistema. explicación dos conceptos de cultura empresarial e imaxe corporativa. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios para reforzar os conceptos da actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Descrición funcións básicas da empresa PE.4 - Identificación factores da contorna da empresa PE.5 - Valoración da cultura empresarial e a imaxe corporativa da empresa 	5,0
A responsabilidade social da empresa. - Responsabilidade social da empresa. Valores éticos e sociais no mundo empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do concepto de responsabilidade social corporativa e da importancia de que as empresas a integren nas súas actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> Busca de exemplos de empresas que poñan en práctica valores éticos, sociais e de economía sustentable e doutras que non os poñan en práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> Exemplos de empresas que poñan en práctica valores éticos, sociais e de economía sustentable e doutras que non os poñan en práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor, ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Recoñecemento da importancia da RSC PE.6 - Identificación de prácticas de RS 	2,0
O plan de empresa e a idea de negocio. Estudo da viabilidade económica e financeira da empresa. - O plan de empresa: contido e finalidade. O estudo de viabilidade económica e financeira da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do concepto de plan de empresa e a súa finalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Busca da información solicitada para a realización do traballo de plan de empresas e estudo de viabilidade económica e financeira. Realización do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo do plan de empresas e estudo de viabilidade económica e financeira. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, guión coas pautas para realizar o traballo, ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - estudo do plan de empresa e da viabilidade económica e financeira da empresa 	6,0
TOTAL						15,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Formas xurídicas da empresa	21

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Establece a forma xurídica da empresa axustándose á normativa e ao seu contexto.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar o concepto de persoa empresaria e os requisitos esixidos para actuar como tal.	1	O empresario e os requisitos para actuar como empresario.	2,0
2.1 Avaliar as formas xurídicas das empresas. 2.2 Comparar as formas xurídicas en relación aos custos, responsabilidade e obrigas xurídicas e seleccionar a máis axeitada.	2	Establecemento da forma xurídica da empresa.	8,0
3.1 Determinar os trámites xurídicos e administrativos necesarios para constituir unha empresa. 3.2 Obter información sobre posibles axudas e subvencións oficiais para crear unha empresa. 3.3 Calcular e analizar, en base a lexislación, os gastos de constitución e posta en marcha da empresa segundo a forma xurídica. 3.4 Determinar os trámites administrativos, as autorizacións, licenzas e capacitación profesional esixidas para a posta en marcha dunha empresa. 3.5 Identificar as obrigas laborais e fiscais derivadas da actividade económica da empresa.	3	Trámites de constitución e posta en marcha da empresa.	8,0
4.1 Analizar as funcións dos sindicatos, inspección de traballo e outras institucións sociais relacionadas coa empresa	4	Inspección laboral, sindicatos e outras institucións sociais.	1,0
5.1 Analizar as situacións de Insolvencia, quebra, suspensión de pagos e concurso de acreedores e as responsabilidades do empresario.	5	Insolvencia, quebra, suspensión de pagos e concurso de acreedores.	2,0
TOTAL			21

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Analízase o concepto de persoa empresaria e os requisitos esixidos para actuar como tal.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Concepto empresario e requisitos. 	S	15
CA2.2 Avaliáronse as formas xurídicas das empresas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - As distintas formas xurídicas. 	S	15
CA2.3 Obtívose información sobre as posibles axudas e subvencións oficiais para a creación dunha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Axudas e subvencións 	S	10
CA2.4 Seleccionouse, a partir dun estudo comparativo, a forma xurídica máis axeitada, valorando os custos, a responsabilidade e as obrigas xurídicas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Selección da forma xurídica máis axeitada segundo criterios indicados. 	S	10
CA2.5 Determináronse os trámites xurídicos e administrativos que cumpra realizar para a constitución da empresa, a partir da información obtida nas administracións e nos organismos competentes.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Trámites xurídicos e administrativos para a constitución dunha empresa. 	S	10
CA2.6 Calculáronse e/ou analizáronse os gastos de constitución e posta en marcha da empresa derivados de cada forma xurídica, consultando a lexislación.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Gastos de constitución e posta en marcha da empresa 	S	5
CA2.7 Determináronse os trámites administrativos, as autorizacións, as licenzas e a capacitación profesional, de ser o caso, que se requiren para a posta en marcha dunha empresa.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Trámites, autorizacións licenzas e capacitación profesional esixidas para poñer en marcha unha empresa. 	S	5
CA2.8 Identificáronse as obrigas laborais e fiscais derivadas do exercicio da actividade económica da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Obrigas laborais e fiscais da empresa 	S	20
CA2.9 Analizáronse as funcións de sindicatos, comités de empresa, representantes de persoal, inspección de traballo e outras institucións sociais que interveñen no sector correspondente.	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - Funcións das institucións representativas do persoal da empresa 	S	5
CA2.10 Analizáronse as situacións de insolvencia, quebra e suspensión de pagamentos, e o procedemento de concurso de acredores en casos de insolvencia, así como a responsabilidade do empresario.	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - Situacións de insolvencia, quebra e suspensión de pagamentos. 	S	5
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Definición de empresa.
Subvencións oficiais e axudas para a constitución e posta en marcha dunha empresa.
Obrigas fiscais e laborais da empresa.
Empresa individual: responsabilidade xurídica e obrigas formais.
Sociedades civís e comunidades de bens.

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Contidos
Sociedade mercantil: tipos de sociedades.
Sociedade anónima, sociedade limitada, etc.
Sociedades laborais: anónima e limitada.
Cooperativas de traballo asociado e cooperativas de transporte.
Organismos e institucións con competencias no ámbito do transporte.
Constitución e posta en marcha da empresa: requisitos, obrigas formais e trámites que se deben realizar.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O empresario e os requisitos para actuar como empresario. - Concepto de empresario, obrigas e requisitos que deben cumprir os empresarios.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do concepto de empresario e os requisitos. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar o cuestionario proposto. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución do cuestionario proposto. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Concepto empresario e requisitos. 	2,0
Establecemento da forma xurídica da empresa. - Descrición de cada forma xurídica, indicando ademais características, órganos de xestión, socios e outras características esenciais de cada unha das formas.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación de cada forma xurídica, coas súas características, órganos de xestión, socios. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar cuestionario proposto. Elaborar cadro comparativo das distintas formas xurídicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución do cuestionario proposto. Cadro comparativo das distintas formas xurídicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor, ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - As distintas formas xurídicas. PE.4 - Selección da forma xurídica máis axeitada segundo criterios indicados. 	8,0
Trámites de constitución e posta en marcha da empresa. - Determinar os trámites e requisitos administrativos, xurídicos, fiscais, laborais, autorizacións, licenzas, así como os gastos de constitución e posta en marcha da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación breve dos distintos trámites de constitución e posta en práctica da empresa. Elaboración dun guión para a procura dos distintos trámites. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización dunha guía indicativa dos distintos trámites esixidos para a posta en marcha dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Guís cos distintos trámites esixidos para a posta en marcha dunha empresa. Elaboración dun guión para a procura dos distintos trámites. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor, ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Obrigas laborais e fiscais da empresa PE.3 - Axudas e subvencións PE.5 - Trámites xurídicos e administrativos para a constitución dunha empresa. PE.6 - Gastos de constitución e posta en marcha da empresa PE.7 - Trámites, autorizacións licenzas e capacitación profesional esixidas para poñer en marcha unha empresa. 	8,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Inspección laboral, sindicatos e outras institucións sociais. - Análise do papel das institucións sociais relacionadas coa empresa.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do papel dos sindicatos, comités de empresa, representante dos traballadores, inspección laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver cuestionario. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución cuestionario sobre a actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - Funcións das institucións representativas do persoal da empresa 	1,0
Insolvencia, quebra, suspensión de pagos e concurso de acreedores. - Análisis das causas e consecuencias da Insolvencia, quebra, suspensión de pagos e concurso de acreedores para a empresa.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das distintas situacións de desequilibrio patrimonial e as súas consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver cuestionario sobre a actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución cuestionario proposto. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - Situacións de insolvencia, quebra e suspensión de pagamentos. 	2,0
TOTAL						21,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Organización dos trámites para a obtención dos recursos financeiros	45

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza os trámites para a obtención dos recursos necesarios para o financiamento dos investimentos e as subministracións, con avaliación das alternativas financeiras posibles.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os organismos que informan de axudas e subvencións públicas para adquirir ou renovar activos.			
1.2 Obter información sobre os instrumentos financeiros e de crédito máis habituais dos investimentos.	1	Inversión e financiamento na empresa.	10,0
1.3 Analizar información sobre procedementos, requisitos, garantías e documentación esixidos para obter un préstamo ou crédito nunha entidade financeira.			
2.1 Calcular os custos das operacións de leasing e renting e analizar os requisitos e garantías esixidas para poder realizar ditas operacións.	2	Recursos financeiros a curto e longo prazo: trámites e cálculo de custos.	35,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.2 Diferenciar os conceptos básicos das operacións de inversións e financiamento: xuro nominal, xuro efectivo e TAE.			
2.3 Calcular custos e cotas de amortización dun préstamo segundo o sistema de amortización máis empregados.			
2.4 Seleccionar a alternativa financeira máis vantaxosa para a adquisición de activos, segundo custos, riscos e garantías.			
2.5 Analizar procedemento e condicións para solicitar os avais, fianzas e garantías requeridas nas operacións de transporte especiais.			
2.6 Utilizar follas de cálculo para analizar as operacións financeiras.			
TOTAL			45

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os organismos que informan sobre a obtención de axudas e subvencións públicas para a adquisición e a renovación de activos.	• PE.1 - Organismos que facilitan axudas e subvencións públicas para adquisición de activos	S	10
CA1.2 Obtívose información sobre os instrumentos financeiros e de crédito máis habituais para o financiamento dos investimentos e demais operacións da empresa.	• PE.2 - Instrumentos financeiros e de crédito máis habituais para o financiamento.	S	5
CA1.3 Analizouse información sobre o procedemento, os requisitos, as garantías e a documentación que se esixen para obter un crédito ou un préstamo nunha entidade financeira.	• PE.3 - Procedemento, requisitos, garantías e documentación esixidas para obter financiamento.	S	10
CA1.4 Calculáronse os custos e analizáronse os requisitos e as garantías esixidas nas operacións de leasing e renting, para a compra de elementos do inmovilizado, como vehículos e similares.	• PE.4 - Custos, garantías e requisitos do leasing e o renting	S	10
CA1.5 Diferenciáronse os conceptos de xuro nominal, xuro efectivo e taxa anual equivalente (TAE), tanto en investimentos como en instrumentos financeiros (préstamos e créditos).	• PE.5 - Conceptos básicos dos investimentos e dos instrumentos financeiros.	S	15
CA1.6 Calculáronse os custos e as cotas de amortización dun préstamo mediante os sistemas de amortización máis utilizados.	• PE.6 - Custos e cotas de amortización dun préstamo segundo os sistemas de amortización máis utilizados.	S	10
CA1.7 Seleccionouse a alternativa financeira máis vantaxosa para a adquisición de diversos activos, como vehículos e maquinaria, en función de custos, riscos e garantías.	• PE.7 - Selección da alternativa financeira máis axeitada.	S	10
CA1.8 Analizouse o procedemento e as condicións para solicitar os avais, as fianzas e as garantías bancarias que se requiren para realizar determinadas operacións de transporte especial.	• PE.8 - Procedemento e condicións para solicitar os avais, fianzas e garantías bancarias requeridas para levar a cabo determinadas operacións de transporte especial.	S	10
CA1.9 Utilizáronse follas de cálculo para analizar, mediante as funcións oportunas, as operacións financeiras.	• OU.1 - Emprego follas de cálculo para realizar préstamos	S	20

TOTAL
100
4.3.e) Contidos

Contidos
Investimento e financiamento: estrutura económica e financeira da empresa. Necesidades de investimento na empresa. Fontes de financiamento propio e alleo. Financiamento interno e externo. Subvencións oficiais e axudas financeiras á actividade da empresa. Financiamento a longo prazo. Produtos financeiros: préstamos e empréstitos, leasing e renting. Outras formas de financiamento. Financiamento a curto prazo: créditos comerciais e aprazamentos de pagamento, créditos bancarios, negociación de efectos comerciais e factoring. Manexo da folla de cálculo e outras aplicacións informáticas para o cálculo dos custos financeiros e a amortización de préstamos e outros produtos financeiros.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Inversión e financiamento na empresa. - Inversión, financiamento, estruturas económica e financeira da empresa e fontes de financiamento. Subvencións e axudas.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os conceptos de inversión, financiamento, estrutura económica e financeira, fontes de financiamento e subvencións. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver cuestionario proposto. Buscar exemplos de inversións e indicar cómo poderían financiarse. Indicar, na lista de elementos facilitada ao respecto, cales 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución das actividades propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Organismos que facilitan axudas e subvencións públicas para adquisición de activos PE.2 - Instrumentos financeiros e de crédito máis habituais para o financiamento. 	10,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		son da estrutura económica e cales da financeira. Buscar exemplos de subvencións que pode recibir unha PEME.			<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Procedemento, requisitos, garantías e documentación esixidas para obter financiamento. 	
Recursos financeiros a curto e longo prazo: trámites e cálculo de custos. - Custos das fontes de financiación, ley financeira de capitalización simple, ley desconto simple, créditos comerciais e bancarios, negociación, efectos comerciais, factoring, ley capitalización composta, rentas, préstamos, empréstitos, leasing e renting.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os conceptos básicos dos recursos financeiros a curto e longo prazo, os trámites necesarios e o cálculo dos custos. Facilitar unha relación de exercicios prácticos sobre os conceptos anteriores. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios propostos sobre capitalización simple, desconto simple, créditos comerciais, capitalización composta, préstamos, rentas, factoring. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos exercicios propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Emprego follas de cálculo para realizar préstamos PE.4 - Custos, garantías e requisitos do leasing e o renting PE.5 - Conceptos básicos dos investimentos e dos instrumentos financeiros. PE.6 - Custos e cotas de amortización dun préstamo segundo os sistemas de amortización máis utilizados. PE.7 - Selección da alternativa financeira máis axeitada. PE.8 - Procedemento e condicións para solicitar os avais, fianzas e garantías bancarias requeridas para levar a cabo determinadas operacións de transporte especial. 	35,0
TOTAL						45,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Formalidades para a compra e aluguer de vehículos e outros activos	22

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina as formalidades para a compravenda e/ou o alugamento dos activos da empresa (vehículos e outros elementos), para o que analiza as necesidades de investimentos e subministracións, e os recursos financeiros necesarios.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar as necesidades de activos e subministracións da empresa. 1.2 Analizar as diferenzas entre compravenda e aluguer de elementos de inmovilizado. 1.3 Identificar as variables dun plan de investimento e diferenciar entre financiamento propio e alleo e recuperación dos investimentos a curto e longo prazo. 1.4 Determinar as necesidades de subministracións e de servizos de mantemento e repostos e os custos derivados deles. 1.5 Avaliar plans de investimentos a partir dos custos e previsións de ingresos. 1.6 Analizar as vantaxes e inconvenientes dos diferentes tipos de mercados de activos. 1.7 Contactar con provedores/as e subministradores/as potenciais e solicitarlles ofertas e orzamentos. 1.8 Avaliar as alternativas para a adquisición e renovación de elementos de inmovilizado e comparar orzamentos de compra e condicións de pagamentos.	1	Xestión dos activos da empresa.	22,0
TOTAL			22

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Determináronse as necesidades de activos da empresa (vehículos, instalacións, maquinaria, etc.) e as subministracións necesarias, en función dos custos e os riscos existentes, e as garantías ofrecidas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Necesidades de activos e subministracións segundo riscos, custos e garantías. 	S	10
CA2.2 Analizáronse as diferenzas fundamentais entre a compravenda ou o alugamento dos elementos de inmovilizado necesarios para o exercicio da actividade (vehículos, maquinaria, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Diferenzas entre compravenda e alugamento de elementos de inmovilizado. 	S	10
CA2.3 Identifícanse as variables dun plan de investimento, diferenciando o financiamento propio e o alleo, e a recuperación dos investimentos a curto e a longo prazo.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Variables dun plan de investimento, financiamento propio e alleo, recuperación de investimentos a curto e longo prazo. 	S	20
CA2.4 Determináronse as necesidades de subministracións e de servizos de mantemento e repostos, así como os custos que se derivan dos sistemas de aprovisionamento.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Necesidades de subministracións e servizos de mantemento e repostos e os seus custos. 	S	5
CA2.5 Avaliáronse plans de investimento a partir dos custos e a previsión de ingresos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Plans de investimentos segundo custos e previsións de ingresos. 	S	15

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.6 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes dos tipos de mercados de activos, así como os de primeira e segunda man, e de alugamento de vehículos.	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Vantaxes e inconvenientes dos mercados de activos e de alugamento de vehículos. 	S	20
CA2.7 Contactouse en liña e fóra de liña con provedores e subministradores potenciais, e solicitóuselles a presentación de ofertas e orzamentos de acordo coas especificacións recibidas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Solicitud de ofertas e orzamentos a posibles provedores 	S	10
CA2.8 Avaliáronse as alternativas para a adquisición e a renovación de elementos de inmovilizado como vehículos, maquinaria e instalacións, a partir da análise comparativa dos orzamentos de compra e as condicións de pagamento.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Análise das alternativas de adquisición ou renovación de elementos de inmovilizado 	S	10
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Determinación das necesidades de equipamento e investimento.</p> <p>Xestión de compras e alugamento de activos como vehículos e subministracións.</p> <p>Análise e selección de investimentos. Decisión de compra ou alugamento de inmovilizados como vehículos e outros.</p> <p>Procura de provedores e subministradores: solicitude de ofertas e orzamentos.</p> <p>Orzamentos e condicións de compra e de alugamento: cantidade, calidade, prezo, descontos, prazos de entrega, impostos, condicións de pagamento e financiamento.</p> <p>Elaboración de documentos relativos á compra e ao alugamento de elementos do equipamento como vehículos e outros, utilizando as ferramentas informáticas axeitadas. Elaboración de contratos e formulación de pedidos.</p> <p>Creación e mantemento de bases de datos de provedores e subministradores: ficheiro mestre de provedores, altas e baixas, introdución e actualización de datos, e valoración de provedores.</p> <p>Utilización dunha aplicación informática de xestión de compras.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Xestión dos activos da empresa. - Análise das necesidades de inversión, avaliación inversións, procura de provedores e subministradores, análise e avaliación de orzamentos, decisións de compra ou aluguer de elementos de inmovilizado, xestión da compra ou aluguer de elementos de inmovilizado.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os aspectos esenciais para a xestión dos activos da empresa. Establecer os parámetros necesarios para a elaboración do traballo a realizar polo alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios e as actividades propostas en relación á necesidade de avaliar as posibles inversións e seleccionar a máis adecuada segundo os criterios vistos na unidade. Elaborar o traballo proposto sobre orzamentos e condicións de compra e de alugamento, así como documentos necesarios en ambas opcións. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos exercicios e traballos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor, ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Vantaxes e inconvenientes dos mercados de activos e de alugamento de vehículos. PE.1 - Necesidades de activos e subministracións segundo riscos, custos e garantías. PE.2 - Diferenzas entre compravenda e alugamento de elementos de inmovilizado. PE.3 - Variables dun plan de investimento, financiamento propio e alleo, recuperación de investimentos a curto e longo prazo. PE.4 - Necesidades de subministracións e servizos de mantemento e repostos e os seus custos. PE.5 - Plans de investimentos segundo custos e previsións de ingresos. PE.6 - Solicitude ofertas e orzamentos a posibles provedores PE.7 - Análise das alternativas de adquisición ou renovación d elementos de inmovilizado 	22,0
TOTAL						22,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Facturación e gestión de cobros e pagos.	40

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento dos produtos e dos servizos prestados, aplicando as normas mercantís e fiscais de facturación.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Interpretar as normas mercantís e fiscais que regulan a facturación. 1.2 Identificar os impostos que gravan os servizos que presta a empresa e os tipos de gravamen aplicables. 1.3 Identificar os aspectos de IVE que afectan á facturación tanto nacional como internacional. 1.4 Realizar a facturación cunha aplicación informática adecuada.	1	Orzamentos de vendas e facturación	20,0
2.1 Analizar características, custos de xestión e riscos dos distintos medios de pagamento e cobramento. 2.2 Xestionar os impagamentos da clientela segundo a normativa. 2.3 Supervisar as condicións de cobramento e pagamento das operacións .	2	Medios e documentos de cobramento e pagamento.	20,0
TOTAL			40

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Interpretáronse as normas mercantís e fiscais, e os usos do comercio que regulan a facturación de produtos e/ou servizos, incluíndo a facturación electrónica.	• OU.1 - Aplicación da normativa sobre facturación	S	20
CA1.2 Identificáronse os impostos que gravan os servizos que presta a empresa, como o de transporte e os tipos de gravame aplicables en cada caso.	• PE.1 - identificación de impostos e tipos de gravamen aplicables ás operacións realizadas pola empresa.	S	10
CA1.3 Interpretáronse os aspectos do imposto sobre o valor engadido (IVE) e as obrigas establecidas para a facturación de produtos e/ou servizos nacionais e internacionais.	• PE.2 - O IVE e as obrigas derivadas da facturación en operacións nacionais e internacionais.	S	10
CA1.4 Realizouse a facturación da venda de produtos e/ou a prestación de servizos, utilizando as aplicacións informáticas adecuadas.	• PE.3 - Facturación da venda de produtos ou a prestación de servizos mediante aplicacións informáticas	S	20

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Analizáronse as características, os custos de xestión de cobramento e negociación, e os riscos de cada medio de pagamento ou cobramento.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Características, custos de xestión e riscos dos distintos medios de cobramento e pagamento analizados. 	S	20
CA1.6 Xestionáronse os impagamentos da clientela cumprindo os requisitos e os prazos recollidos na normativa.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Xestión dos impagamentos. 	S	10
CA1.7 Supervisáronse as condicións de pagamento e cobramento das operacións en divisas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Seguemento e control das condicións de cobramento e pagamento. 	S	10
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Elaboración de orzamentos.</p> <p>Facturación de servizos e devindicación de facturas: características e requisitos legais, modelos e tipos de facturas, formalización e expedición de facturas.</p> <p>Conservación e rexistro de facturas de acordo coa normativa mercantil e fiscal.</p> <p>Fiscalidade das operacións da empresa. Imposto sobre o valor engadido (IVE) e outros tributos.</p> <p>Operacións intracomunitarias: características e facturación dos produtos e/ou servizos.</p> <p>Medios e documentos de pagamento e cobramento (cheque, transferencia bancaria, recibo normalizado, letra de cambio, tarxeta de crédito, obriga de pagamento, etc.): análise dos medios e dos seus riscos.</p> <p>Creación, mantemento e valoración das bases de datos de clientela.</p> <p>Manexo dunha aplicación informática de facturación.</p>

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Orzamentos de vendas e facturación - Elaboración de orzamentos e determinación do prezo de venda. Factura: contido e tipos, obrigas derivadas da facturación. Operacións intra e extracomunitarias.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos aspectos básicos da elaboración de orzamentos e a facturación. Explicación da operativa das operacións intracomunitarias e extracomunitarias. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar un orzamento, determinando o prezo de venda, un pedido e unha factura, utilizando unha aplicación informática. Realizar os exercicios propostos sobre a operativa das operacións intracomunitarias e extracomunitarias. 	<ul style="list-style-type: none"> resolución das actividades propostas 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor, ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Aplicación da normativa sobre facturación PE.1 - identificación de impostos e tipos de gravamen aplicables ás operacións realizadas pola empresa. PE.2 - O IVE e as obrigas derivadas da facturación en operacións nacionais e internacionais. PE.3 - Facturación da venda de produtos ou a prestación de servizos mediante aplicacións informáticas 	20,0
Medios e documentos de cobramento e pagamento. - Operacións de cobramento e pagamento. Transferencia bancaria, cheque, domiciliación bancaria e recibo normalizado, letra de cambio, pagaré. Seguemento e control de cobramentos e pagamentos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos aspectos básicos das operacións de cobramento e pagamento. Explicación dos distintos medios e documentos de cobramento e pagamento. Explicación do seguemento e control dos cobramentos e pagamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización os exercicios propostos utilizando modelos de cheque, de letra de cambio e de pagaré. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución das actividades propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor, ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Características, custos de xestión e riscos dos distintos medios de cobramento e pagamento analizados. PE.5 - Xestión dos impagamentos. PE.6 - Seguemento e control das condicións de cobramento e pagamento. 	20,0
TOTAL						40,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Gestión do proceso contable e fiscal da empresa	50

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xestión a o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan Xeral Contable (PXC).	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as obrigas contables e os conceptos básicos do PXC. 1.2 Diferenciar as partidas do balance e a súa relación funcional.	1	Obrigas contables da empresa. Conceptos básicos do PXC. O patrimonio empresarial.	10,0
2.1 Diferenciar os conceptos de investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento. 2.2 Rexistrar operacións contables e calcular o resultado do exercicio segundo indica o PXC. 2.3 Determinar a amortización dos elementos de inmovilizado segundo a normativa correspondente.	2	O ciclo contable	15,0
3.1 Elaborar as contas anuais de acordo co PXC para PEMES. 3.2 Utilizar unha aplicación informática de contabilidade.	3	As contas anuais.	15,0
4.1 Identificar as obrigas fiscais correspondentes ao IVE. 4.2 Establecer as xestións pertinentes para a liquidación de impostos. 4.3 Identificar os tributos que lle corresponda pagar á empresa. 4.4 Determinar as obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios.	4	A fiscalidade na empresa.	10,0
TOTAL			50

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os conceptos básicos do PXC: elementos patrimoniais, masas patrimoniais e equilibrio patrimonial.	• PE.1 - Elementos patrimoniais, masas patrimoniais e equilibrio patrimonial.	S	5
CA1.2 Diferenciáronse as partidas do balance, analizando a súa relación funcional: activo (fixo e circulante), pasivo (fixo e circulante) e patrimonio neto.	• OU.1 - Activo, pasivo, patrimonio neto e a súa relación.	S	20

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.3 Diferenciáronse os conceptos de investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento. 	S	5
CA1.4 Rexistráronse as operacións realizadas e calculouse o resultado, de acordo cos principios xerais e as normas de valoración do PXC.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Anotacións contables, cálculo do resultado. 	S	10
CA1.5 Determinouse a amortización dos elementos do inmovilizado, de acordo coa normativa fiscal e o PXC.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Valoración do inmovilizado: amortización e deterioro de valor. 	S	10
CA1.6 Elaboráronse as contas anuais de acordo con do PXC para as pequenas e medianas empresas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - As contas anuais. 	S	10
CA1.7 Identifícanse as obrigas fiscais derivadas da aplicación e a xestión do IVE.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Obrigas fiscais derivadas da aplicación do IVE. 	S	10
CA1.8 Establecéronse as xestións que cumpra realizar para a liquidación dos impostos que afectan a xestión da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Xestións necesarias para liquidar os impostos. 	S	10
CA1.9 Identifícanse os impostos sobre determinados elementos da empresa, así como as taxas, os canons e os dereitos de uso que cumpra pagar pola utilización de determinadas infraestruturas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - Tributos a pagar pola empresa. 	S	10
CA1.10 Determináronse as obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios, en función da forma xurídica da empresa: IRPF e imposto de sociedades.	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - Obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios. 	S	5
CA1.11 Utilizouse unha aplicación informática de contabilidade.	<ul style="list-style-type: none"> PE.10 - Emprego dunha aplicación informática de contabilidade. 	S	5
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Obrigas contables da empresa: normativa mercantil e fiscal.
Imposto de sociedades.
Imposto sobre o valor engadido.
Imposto de circulación de vehículos.
Impostos sobre determinados vehículos, peaxes, taxas e canons pola utilización de determinadas infraestruturas.
Manexo dunha aplicación informática integral de contabilidade financeira para o rexistro contable e elaboración das contas anuais.
Patrimonio da empresa: activo, pasivo e patrimonio neto.

Contidos
Contas: terminoloxía, estrutura e tipos. Libros contables e de rexistro. Plan Xeral Contable para as pequenas e medianas empresas. Ciclo contable: anotacións contables, amortizacións e axustes, cálculo do resultado e pechamento do exercicio. Contas anuais. Resultado do exercicio. Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
Obrigas contables da empresa. Conceptos básicos do PXC. O patrimonio empresarial. - Obrigas contables da empresa. Conceptos básicos do PXC: elemento patrimonial, masa patrimonial, equilibrio patrimonial. As partidas de balance e a súa relación. As contas e os libros contables.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das obrigas contables, dos conceptos básicos do PXC e do patrimonio empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios propostos sobre elementos, masas e equilibrio patrimoniais, e sobre o balance. Resolver cuestionarios sobre a teoría da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos exercicios e cuestionarios propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Activo, pasivo, patrimonio neto e a súa relación. PE.1 - Elementos patrimoniais, masas patrimoniais e equilibrio patrimonial. 	10,0
O ciclo contable - Ciclo contable e desenrolo contable: anotacións contables, amortizacións e axustes, cálculo do resultado, peche do exercicio.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos aspectos fundamentais do ciclo contable e o seu desenrolo. Explicación do cálculo da amortización do inmovilizado e do resultado do exercicio. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios propostos sobre ciclo contable, cálculo da amortización e cálculo do resultado. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos exercicios propostos 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento. PE.3 - Anotacións contables, cálculo do resultado. PE.4 - Valoración do inmovilizado: amortización e deterioro de valor. 	15,0
As contas anuais. - As contas anuais: terminoloxía, estrutura e tipos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos aspectos básicos das contas anuais. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios propostos para elaborar as contas anuais das PEMES. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos exercicios propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - As contas anuais. PE.10 - Emprego dunha aplicación informática de contabilidade. 	15,0
A fiscalidade na empresa. - Tributos e clases. Obrigas fiscais correspondentes ao IVE e aos						10,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Impostos que gravan os beneficios. Xestión para a liquidación do IRPF, Imposto de sociedades e IVE.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das obrigas fiscais da empresa en relación ao IVE, aos impostos que gravan o beneficio e aos demais tributos que lle correspondan. Explicación das xestións pertinentes para a liquidación dos mencionados impostos. Establecer os parámetros necesarios para a elaboración dun traballo sobre a fiscalidade na empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios, tarefas e traballo propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos exercicios e traballo propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Obrigas fiscais derivadas da aplicación do IVE. PE.7 - Xestións necesarias para liquidar os impostos. PE.8 - Tributos a pagar pola empresa. PE.9 - Obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios. 	
TOTAL						50,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Análise económico-financieiro da empresa.	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñibles.	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Interpretar e analizar a información contable e os estados financeiros para xestionar a empresa.	1	Análise da información contable e económico-financieira da empresa.	4,0
1.2 Valorar as relacións de equilibrio necesarias entre investimentos e recursos financeiros.			

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.1 Evaluar a rendibilidade dos investimentos mediante o VAN o TIR e a taxa de retorno.	2	A rendibilidade dos investimentos.	8,0
3.1 Coñecer os métodos máis habituais para avaliar a xestión económica e financeira da empresa.	3	Análise económico e financeiro.	9,0
4.1 Aplicar as principais razóns financeiras para analizar os estados financeiros da empresa.	4	Razóns financeiras e económicas.	9,0
4.2 Utilizar follas de cálculo para determinar as razóns financeiras e calcular a rendibilidade da empresa.			
TOTAL			30

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Empregáronse as aplicacións e as utilidades da información contable e os estados financeiros para unha xestión eficaz da empresa.	• PE.1 - emprego da información contable e os estados financeiros para xestionar eficazmente a empresa.	S	10
CA2.2 Valoráronse as relacións de equilibrio necesarias entre os investimentos realizados e os recursos financeiros propios e alleos, diferenciando entre o financiamento básico e o do circulante, así como entre os curtos e os longos prazos.	• PE.2 - As relacións de equilibrio-desequilibrio patrimonial.	S	10
CA2.3 Aplicáronse os métodos máis habituais para a avaliación da rendibilidade de investimentos: taxa interna de rendibilidade (TIR), valor actual neto (VAN) e taxa de retorno.	• PE.3 - Cálculo do VAN e TIR para avaliar a rendibilidade dos investimentos.	S	15
CA2.4 Calculouse o valor de adquisición, vida útil, valor actual, valor de reposición e valor residual dos elementos do inmovilizado.	• PE.4 - Valor de adquisición, actual, de reposición e residual dos elementos de inmovilizado.	S	15
CA2.5 Calculáronse os fluxos de tesouraría (cash-flow) e o período medio de maduración.	• PE.5 - Cálculo do cash-flow e o PMM.	S	10
CA2.6 Calculouse o punto morto ou limiar de rendibilidade.	• PE.6 - Cálculo do Limiar de rendibilidade.	S	10
CA2.7 Calculáronse as razóns e os indicadores financeiros principais para analizar os estados financeiros a través do balance e a conta de resultados, tanto a curto como a longo prazo.	• PE.7 - Cálculo das principais razóns financeiras.	S	10
CA2.8 Utilizáronse follas de cálculo para a determinación das razóns financeiras e o cálculo da rendibilidade da empresa.	• OU.1 - Emprego dunha folla de cálculo para determinar as razóns financeiras e a rendibilidade da empresa.	S	20
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Interpretación e análise da información contable e económico-financeira da empresa aplicable á xestión empresarial.
0Fluxos de tesouraría (cash-flow).
Valor actual neto dun investimento (VAN).
Método da taxa interna de rendibilidade (TIR).
Métodos de amortización.
Utilización da folla de cálculo e outras aplicacións informáticas para o cálculo de razóns e para a análise económico-financeira da empresa.
Punto morto ou limiar de rendibilidade.
Avaliación de investimentos e cálculo da rendibilidade.
Período medio de maduración.
Análise e interpretación dos resultados a curto e a longo prazo.
Análise de estados financeiros da empresa a curto e a longo prazo.
Principais razóns financeiras.
Análise económica: razóns de rendibilidade e eficiencia.
Período medio de maduración.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Análise da información contable e económico-financieira da empresa. - análise e interpretación da información contable e económico-financieira de empresa. Análise patrimonial.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos aspectos básicos da interpretación e análise da información contable e económica-financieira. Explicación dos aspectos básicos da interpretación e análise patrimonial. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios propostos para levar a cabo unha análise da información económica, financieira e patrimonial da empresa e a súa correspondente interpretación. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - emprego da información contable e os estados financeiros para xestionar eficazmente a empresa. PE.2 - As relacións de equilibrio-desequilibrio patrimonial. 	4,0
A rendibilidade dos investimentos. - A rendibilidade dos investimentos: análise mediante os métodos VAN, TIR e taxa de retorno.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da forma de analizar a rendibilidade das inversións mediante o VAN e o TIR 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios propostos para seleccionar inversións atendendo aos criterios de VAN, TIR e pay-back. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos exercicios propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cálculo do VAN e TIR para avaliar a rendibilidade dos investimentos. PE.4 - Valor de adquisición, actual, de reposición e residual dos elementos de inmovilizado. 	8,0
Análise económico e financeiro. - Análise económico e financeiro:fondo de maniobra, PMM e limiar de rendibilidade.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos aspectos básicos da análise económica e financieira mediante fondo de maniobra, PMM e limiar de rendibilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios e actividades propostas de fondo de maniobra, PMM e Limiar de rendibilidade, aportando o cálculo correspondente coas súas unidades, a interpretación do resultado e a representación gráfica cando sexa necesario. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución exercicios propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Cálculo do cash-flow e o PMM. PE.6 - Cálculo do Limiar de rendibilidade. 	9,0
Razóns financeiras e económicas. - Razóns financeiras e económicas: cálculo e análise das principais razóns económicas e financeiras e aplicación de folla de cálculo para calculalas.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do cálculo e interpretación das principais razóns financeiras e económicas e indicacións das medidas necesarias para a aplicación dunha folla de cálculo para obtelas. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios propostos, obtendo o resultado numérico de cada razón solicitada e aportando a interpretación correspondente. Realizar cunha folla de cálculo os exercicios que se indiquen. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos exercicios propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamentos do profesor, ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Emprego dunha folla de cálculo para determinar as razóns financeiras e a rendibilidade da empresa. PE.7 - Cálculo das principais razóns financeiras. 	9,0
TOTAL						30,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Ao longo das unidades didácticas, marcaronse os mínimo exixible a acadar para superar cada criterio de avaliación, resultado de aprendizaxe , cada unidade didáctica e polo tanto cada avaliación, sendo imprescindible superar todos os mínimos exixibles para superar ben sexa a unidade, a avaliación e/ou módulo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

As tarefas de aula propostas na aula virtual do módulo a distancia, terán unha porcentaxe do 20%, a tarefa test un 10% e o exame presencial un 70% en cada unidade.

Posteriormente cada unidade terá o peso mencionado para a cualificación final.

NOTA DE CADA AVALIACIÓN:

A nota da avaliación será a media ponderada das UD's impartidas na mesma, respectando a ponderación global, adaptándoa en cada caso ao número de unidades impartidas.

NOTA FINAL DO MÓDULO:

A nota final do módulo será a media ponderada de todas as UD's, especificadas na devandita programación (a ponderación dependerá do peso de cada UD dentro do módulo e dos criterios de avaliación dentro de cada unidade), sendo necesario ter superados os mínimos exixibles.

Se por algunha razón non se impartisen todas as UF ou/e as Unidades didácticas, o peso das que quedasen sen impartir, repartiríase proporcionalmente segundo a súa ponderación, entre as demais para o cálculo da nota final do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando os resultados dalgunha avaliación sexan negativos, realizaranse actividades de recuperación, que consistirán en:

-Realización de traballos e exercicios sobre os aspectos nos que se detectasen maiores deficiencias.

-Repetición de determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno/a non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.

-Realización dunha proba escrita sobre os contidos nos que se identificara que o nivel de coñecementos do alumno/a é insuficiente e a superación dos mínimos exixibles.

Sí se plantexan recursos adicionais, ou actividades para a mellor asimilación de conceptos por parte de alumnado de cara á preparación das probas finas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non se contempla perda do dereito a avaliación continua ao tratarse dunha formación impartida a distancia.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente farase o seguimento da programación e ao final do curso realizarase unha valoración global do seguimento da mesma. Para a realización do seguimento da programación utilizarase a aplicación informática da Consellería de Educación, Ao finalizar cada unidade, analizaranse o grao de cumprimento, as desviacións producidas, determinando as causas e establecendo actuacións de corrección. Informarase mensualmente nas reunións de equipo docente do grao de cumprimento da mesma. No caso de modificacións significativas na programación, estas xustificaranse debidamente e deixarase constancia na acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional. Ao final de curso, a profesora realizará a memoria final do módulo, segundo o modelo establecido, na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o ano e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Para a avaliación da práctica docente terase en conta tanto a autoavaliación da propia docente. Realizarase unha análise crítica de tódalas partes da programación, valorando se a posta en práctica logrou cumprir os obxectivos previstos, se a temporalización foi adecuada, se as tarefas de cada actividade se desenrolaron correctamente, se os criterios de avaliación e cualificación foron os correctos, se os instrumentos de avaliación se axustaban a cada tarefa e se a metodoloxía foi a adecuada e logrou transmitir os contidos a todo o alumnado.

Terase asemade, en conta a avaliación por parte do alumnado, que contará, unha vez rematado cada unidade cunha enquisa de satisfacción do labor docente, así como dos contidos do módulo, a que poderán acceder na aula virtual da docente e contestar de maneira anónima.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao tratarse dun módulo a distancia, non se prevee una proba de avaliación inicial. Terase en conta como avaliación inicial a tarefa de presentación, así como a entrega da primeira tarefa.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Os/as alumnos/as que requiran determinados apoios e atencións educativas por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais ou por manifestar graves trastornos de personalidade ou conduta terán unha atención especializada coa finalidade de conseguir a súa integración.

Con respecto a aqueles/as alumnos/as que necesiten apoio educativo, como é o caso do/a alumno/a que non supere algunha avaliación, facilitaráselle actividades de reforzo de distinto grao de dificultade.

Co propósito de dar unha resposta educativa o alumnado con altas capacidades intelectuais, estableceranse tarefas de ampliación curricular.

O carácter continuo da avaliación permite, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, permite promover a identificación dos aspectos do

proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas.

Cando a análise da marcha dun/dunha estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar os contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula, para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta as situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio o respecto ás distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos doutras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teóricopráctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

Darase especial importancia aos seguintes aspectos:

- Comportamento nos foros do módulo, o respecto polos/as compañeiros/as, o/a profesor/a e o material.
- Participación activa na aula, reflectida no interese pola materia, iniciativa e capacidade para obter información con carácter autónomo.
- A claridade e a limpeza nos apuntamentos e nos exercicios elaborados polo/a alumno/a.
- Orde e pulcritude nos traballos realizados.
- Predisposición para a axuda nos foros aos demais compañeiros/as.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Serán as acordadas no Departamento ao comezo do curso pero polo carácter do módulo, a distancia, non se contemplan ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE FORMACIÓN (ACF).

10. Outros apartados

10.1) METODOLOXÍA

Ao tratarse dun ciclo na modalidade de distancia, o alumnado debe ser autónomo, e implicarse no seu propio ensino-aprendizaxe.

Facilitaránse os recursos xa predeterminados na aula virtual, asemade, facilitaranse recursos que a propia docente considere útiles para a mellor asimilación de contidos.

Non se plantexan máis tarefas adicionais que as apuntadas na propia plataforma por considerarse difícil de demostrar a súa autoría, así como polo perfil do alumnado respecto o tempo disponible para adicar a realización de tarefas, polo que o valor e peso na calificación final as devanditas tarefas será reducido.

Plantexase pois unha proba final trimestral para a asimilación de contidos.

Tendo en conta o momento actual de pandemia, ditas probas serán presenciais se as circunstancias epidemiolóxicas e sanitarias así o permiten.

Todo o material docente estará a disposición do alumnado a través da aula virtual. De non ser posible a realización de probas presenciais colectiva ou individuais empregaranse todos os medios institucionais dispoñibles, e modificarase e adaptarase a programación ao devandito.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM01	Transporte e loxística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0624	Comercialización do transporte e a loxística	2023/2024	5	132	158
MP0624_12	Servizo de transporte, comercialización e seguimento	2023/2024	5	85	102
MP0624_22	Xestión da relación coa clientela	2023/2024	5	47	56

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LUCÍA LOUREIRO COTA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Transporte e Loxística consiste en organizar, xestionar e controlar as operacións do transporte de mercadorías e de persoas nos ámbitos nacional e internacional, e en planificar e xestionar as actividades loxísticas dunha empresa, de acordo coa normativa e cos obxectivos establecidos pola dirección da empresa, nun marco da calidade, seguridade e respecto ambiental.

Dentro desde marco xeral, o módulo de Comercialización do Transporte e a Loxística pretende dar resposta ás seguintes competencias xerais recollidas no currículo do título:

- Organizar o departamento de comercialización dunha empresa de transporte e loxística de mercadorías e/ou persoas, e elaborar o plan de vendas, realizando a distribución de recursos humanos e materiais, para cumprir os obxectivos e os procesos establecidos pola dirección da empresa.
- Obter, organizar e xestionar información salientable do mercado de servizos de transportes e loxística, aplicando as técnicas de investigación comercial e de prospección de mercados que permitan coñecer a estrutura e as necesidades do mercado, os tipos de clientela e a competencia existente, para realizar a toma de decisións do plan de márketing.
- Promover e difundir os servizos de transporte e loxísticos aplicando técnicas e estratexias de márketing e de xestión de relacións coa clientela, para garantir os obxectivos de comercialización deseñados pola dirección da empresa.- Realizar o proceso da venda de servizo de transporte e de loxística, e elaborar a documentación derivada da venda, organizando a carteira de clientela, de ser o caso en inglés, aplicando técnicas de negociación e venda proactiva e elaborando orzamentos adaptados ás necesidades da clientela, para cumprir os obxectivos aprobados pola organización.
- Xestionar as relacións coa clientela, de ser o caso en inglés, realizando o seguimento das operacións para satisfacer as súas demandas, incidencias e reclamacións adecuadamente asegurando o nivel de servizo prestado.
- Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida, e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Resolver situacións, problemas ou contingencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos grupais que se presenten.
- Comunicarse con iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou coñecementos axeitados, e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e nos obxectivos da empresa.
- Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.
- Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas que se derivan da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe	
					62412				62422	
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 1	RA 2
1	Obtención da información do mercado de servizos de transporte	Obtén a información do mercado de servizos de transporte aplicando técnicas de estudo de mercados, para a toma de decisións.	23	17	X					
2	Bases para a promoción do servizo de transporte	Establece as bases para a promoción do servizo de transporte utilizando técnicas de márketing.	26	17		X				
3	Planificación do proceso de venda do servizo de transporte.	Planifica o proceso de venda do servizo de transporte organizando a carteira de clientela e aplicando técnicas de venda.	26	17			X			
4	Programación da negociación do servizo de transporte	Programa a negociación do servizo de transporte, aplicando técnicas de comunicación e negociación, de acordo coa responsabilidade asignada.	29	17				X		
5	Reclamacións e incidencias no servizo de transporte	Define as relacións coa clientela e coas persoas usuarias dos servizos de acordo con criterios de calidade, facendo o seguimento das operacións de transporte. Resolve as reclamacións e as incidencias coa clientela e as persoas usuarias do servizo de transporte, respectando a normativa e a responsabilidade das partes.	54	32					X	X
Total:			158							

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Obtención da información do mercado de servizos de transporte	23

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén a información do mercado de servizos de transporte aplicando técnicas de estudo de mercados, para a toma de decisións.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as características dun servizo	1	Caso Práctico	23,0
1.2 Coñecer a afección dos tipos de interés e a inflación			
1.3 Medir a calidade dun servizo			
TOTAL			23

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os axentes e os organismos implicados no mercado español e internacional no transporte de mercadorías e viaxeiros.	• PE.1	S	10
CA1.2 Determináronse os aspectos básicos da normativa reguladora da actividade económica do sector.	• PE.2	S	10
CA1.3 Analizáronse as variables que condicionan a evolución do mercado de transporte.	• PE.3	N	10
CA1.4 Seleccionouse información salientable das variables da oferta e demanda do servizo de transporte.	• PE.4	S	10
CA1.5 Utilizáronse técnicas de investigación de mercados para a obtención de información.	• PE.5	S	10
CA1.6 Identifícanse os aspectos clave da operativa e necesidades da clientela dos servizos de transporte.	• PE.6	S	10
CA1.7 Diferenciáronse e segmentáronse os tipos de clientela do servizo de transporte segundo o seu perfil e as súas necesidades.	• PE.7	S	20
CA1.8 Utilizáronse aplicacións informáticas para a obtención e o tratamento da información, e a presentación de resultados.	• PE.8	S	20
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
SIM do servizo de transporte. Márketing dos servizos. Calidade do servizo. Investigación comercial: estudos cualitativos e cuantitativos. Segmentación do servizo por tipo de cliente. Aplicacións informáticas de tratamento de información.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Caso Práctico - Investigar e propoñer solucións nun servizo de transporte					<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.5 • PE.6 • PE.7 • PE.8 	23,0

TOTAL	23,0
--------------	------

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Bases para a promoción do servizo de transporte	26

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Establece as bases para a promoción do servizo de transporte utilizando técnicas de márketing.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Elaborar ociclo de vida dun servizo en base os datos de facturación			
1.2 Propoñer estratexias de marketing axeitadas	1	Caso Práctico	26,0
1.3 Calcular o prezo dun servizo en funcións dos marxes			
TOTAL			26

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Caracterizáronse as variables esenciais das políticas de márketing aplicadas ás particularidades de diversos tipos de servizos de transporte.	• PE.1	S	10
CA2.2 Seleccionáronse as variables de márketing-mix en función de diversos tipos de servizos de transporte e tipos de clientela.	• PE.2	S	15
CA2.3 Determináronse os medios e as accións para a promoción de distintos tipos de servizos de transporte.	• PE.3	S	10
CA2.4 Avaliáronse as vantaxes das accións de márketing directo aplicables.	• PE.4	S	10
CA2.5 Definíronse as variables e a información máis salientable dos servizos de transporte para a súa comercialización e promoción.	• PE.5	S	10
CA2.6 Analizáronse as diferenzas de diversos anuncios e promocións de servizos de transporte.	• PE.6	S	20
CA2.7 Avaliáronse as vantaxes e os inconvenientes do anuncio ou a inserción de prestación de servizos de transporte en diversos medios publicitarios.	• PE.7	S	20
CA2.8 Definíronse accións de promoción directa da prestación de servizos de transporte.	• PE.8	N	5
		TOTAL	100

4.2.e) Contidos

Contidos
Política de produtos: particularidades do servizo de transporte.
Elementos constitutivos do prezo de venda.
Políticas de comunicación no márketing de servizos.
Información da empresa na rede: web da empresa, intranet, correo electrónico, redes sociais, etc.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Caso Práctico - Elaborar estratexias de marketing					<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.5 • PE.6 • PE.7 • PE.8 	26,0
TOTAL						26,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Planificación do proceso de venda do servizo de transporte.	26

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Planifica o proceso de venda do servizo de transporte organizando a carteira de clientela e aplicando técnicas de venda.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Utilizar tablas dinámicas para a planificación do proceso de venda dun servizo de transporte	1	Caso práctico	26,0
1.2 Obter datos de facturación e manexar e manexar as bases de datos que os conteñen			
TOTAL			26

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identifícanse as características e as necesidades da clientela.	• PE.1	S	15
CA3.2 Organízase a información obtida da clientela.	• PE.2	S	15
CA3.3 Determinouse a carteira de clientela obxectivo.	• PE.3	S	10
CA3.4 Determináronse as necesidades do departamento de vendas	• PE.4	S	10
CA3.5 Estableceuse o plan de vendas adaptado á necesidade de servizo e aos requisitos da clientela.	• PE.5	S	15
CA3.6 Planificouse o proceso de actuación na presentación a concursos de contratación.	• PE.6	S	15
CA3.7 Programouse o calendario e as condicións das actuacións comerciais.	• PE.7	N	5
CA3.8 Establecéronse os mecanismos de control para o seguimento do proceso de venda.	• PE.8	S	15
CA3.9 Utilizáronse aplicacións informáticas na xestión do proceso de venda.	• PE.9	N	0
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Plans de venda.
Equipo de vendas: selección, formación e motivación. Oficina comercial.
Sistemas de xestión e tratamento da información: técnicas de arquivo, ficheiros mestres e bases de datos.
Control dos procesos de venda: control de vendas e da clientela, e cadro de mando.
Programas informáticos de xestión do proceso de venda

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Caso práctico - Realizar informes de facturación					<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.5 • PE.6 • PE.7 • PE.8 • PE.9 	26,0

TOTAL	26,0
--------------	-------------

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Programación da negociación do servizo de transporte	29

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Programa a negociación do servizo de transporte, aplicando técnicas de comunicación e negociación, de acordo coa responsabilidade asignada.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar os soportes publicitarios máis axeitados	1	Caso Práctico	29,0
1.2 Elexir as campañas publicitarias máis convenientes			
1.3 Deseñar técnicas de promoción de vendas dun servizo			
1.4 Coñecer as recomendacións da comunicación oral e escrita			
TOTAL			29

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Establecéronse os parámetros para a elaboración dun orzamento de prestación de servizos.	• PE.1	S	10
CA4.2 Elaborouse un orzamento de prestación de servizo de transporte.	• PE.2	S	10
CA4.3 Caracterizáronse a venda e a negociación.	• PE.3	S	10
CA4.4 Aplicáronse técnicas de comunicación no proceso de negociación coa clientela.	• PE.4	S	10
CA4.5 Aplicáronse técnicas e estratexias de negociación.	• PE.5	S	10
CA4.6 Diferenciáronse as fases do proceso de negociación da venda do servizo.	• PE.6	S	20
CA4.7 Determináronse as condicións da prestación do servizo de transporte de mercadorías ou viaxeiros.	• PE.7	S	20
CA4.8 Redactouse o contrato de prestación do servizo de transporte.	• PE.8	S	10
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Bases da comunicación.
Comunicación na empresa.
Comunicación verbal e non verbal.
Comunicación escrita.
Comunicación comercial.
Proceso de negociación comercial na venda de servizos: preparación do proceso e as súas fases.
Orzamento da prestación do servizo de transporte: elaboración

Contidos
Contrato de prestación do servizo de transporte: cláusulas mínimas; redacción do contrato.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Caso Práctico - Planificar a estratexia de marketing					<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.5 • PE.6 • PE.7 • PE.8 	29,0
TOTAL						29,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Reclamacións e incidencias no servizo do transporte	54

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Define as relacións coa clientela e coas persoas usuarias dos servizos de acordo con criterios de calidade, facendo o seguimento das operacións de transporte.	SI
RA2 - Resolve as reclamacións e as incidencias coa clientela e as persoas usuarias do servizo de transporte, respectando a normativa e a responsabilidade das partes.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar as funcións dos departamentos de actuación, reclamacións e incidencias	1	Caso Práctico	54,0
1.2 Identificar as funcións e operativa das xuntas arbitrais			
1.3 Detectar necesidades dos usuarios			
1.4 Coñecer os sistemas de calidade e xestión medioambiental aplicables o ámbito do servizo de transporte			
1.5 Deseñar as funcións dun departamento de atención ó cliente			
1.6 Utilizar métodos de valoración de calidade: reclamacións, queixas e suxestións			
1.7 Determinar a normativa aplicable			
TOTAL			54

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Valorouse a importancia da calidade na prestación do servizo para a empresa e as persoas usuarias.	• PE.1	S	6
CA1.2 Determináronse os factores que inflúen na valoración do servizo prestado á clientela e/ou ás persoas usuarias.	• PE.2	S	6
CA1.3 Establecéronse os criterios e os indicadores salientables para a prestación dun servizo de calidade no transporte.	• PE.3	S	6

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Seguíronse os protocolos establecidos para o seguimento da prestación do servizo.	• PE.4	S	6
CA1.5 Detectáronse as incidencias producidas na prestación do servizo de transporte de mercadorías e/ou viaxeiros.	• PE.5	S	6
CA1.6 Aplicouse o tratamento axeitado na xestión das anomalías producidas.	• PE.6	S	6
CA1.7 Utilizáronse sistemas de información e comunicación na relación coa clientela.	• PE.7	S	6
CA2.1 Delimitáronse as funcións do departamento de atención á clientela en empresas.	• PE.8	S	6
